

Vigo, xaneiro de 2019

Estimada amiga:

Poñémonos en contacto contigo para informarte dunha nova iniciativa que o **Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo** (CDRF), dependente da **Concellería de Igualdade do Concello de Vigo**, vai poñer en práctica o presente ano. Agardamos che resulte interesante e **te animes a participar**.

Trátase da creación dun **ESPAZO DE TRABALLO PERMANENTE WIKIMULLERES** e da organización de **EDITATONAS TEMÁTICAS**, co obxectivo de formar mulleres para que aprendan a editar na Wikipedia e Galipedia e que colaboren na incorporación de contidos, reducindo a brecha de xénero e aumentando o número de mulleres editoras nestas enciclopedias colaborativas.

Este proxecto consta de varias actuacións que se desenvolverán no Centro de Documentación e Recursos Feministas:

1. **Obradoiro de iniciación á edición en Wikipedia** impartido por **Montserrat Boix**.
Obradoiro práctico para aprender a editar e crear artigos en Wikipedia. Pautas básicas de traballo e normas internas da comunidade.
Montserrat Boix é a creadora en 1997 de Mujeres en Red, unha red internacional e un espazo pioneiro en internet na defensa dos dereitos das mulleres e cofundadora de “**Wikimujeres**” un grupo oficial de usuarias que recibiu o recoñecemento oficial da Fundación Wikimedia en 2015.
2. **Espazo de traballo permanente Wikimulleres**, para documentar, crear, editar e traducir contidos en Wikipedia e Galipedia desde unha perspectiva de xénero.
Este espazo estará aberto a todas as persoas que desexen participar na incorporación de contidos. Organizaranse **reunións presenciais cada semana para compartir a edición**. O espazo Wikimulleres será autoxestinado polas persoas participantes e contará co apoio técnico do CDRF.
3. **Editatonas temáticas**, é decir, xornadas de edición en datas sinaladas, coa presenza dunha muller relevante no campo temático editado.
Unha editatona é un evento de edición colectiva e simultánea en Wikipedia, gratuito e aberto ao público, no que persoas con distintos niveis de experiencia reúnen para mellorar ou crear artigos con perspectiva de xénero.



Sala de traballo do CDRF

Obradoiro de iniciación á edición na Wikipedia:

Martes 26 de febreiro, de 16:30 a 20:30 horas

- Actividade **gratuíta** e prazas limitadas.
- Prazo de **inscrición: do 1 ao 19 de febreiro**.
- **Recoméndase levar o propio equipo informático** para editar e activar previamente, no caso de non ter, unha conta en Wikipedia.

Espazo de traballo permanente Wikimulleres:

Os luns, de 10:30 a 12:30 horas ou datas alternativas compatibles coa programación do CDRF.

Máis información e inscrición previa:

teléfonos 986436441 - 631179252

centro.documentacion.feminista@vigo.org

Agradecendo a atención prestada, poñémonos a túa disposición. Un saúdo